

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DA SXPD ANTE O AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

NIVEIS DE ALERTA

- **Verde:** Non existe ningún risco meteorolóxico.

Non se espera que o tempo cause impactos significativos, aínda que poden ter un carácter menor ou local.

- **Amarelo:** Non existe risco meteorolóxico para a poboación en xeral aínda que si para algunha actividade concreta.

Recomendación: ESTEA ATENTO. Mantéñase informado da predición meteorolóxica máis actualizada. Algunhas actividades ao aire libre poden verse alteradas.


- **Laranxa:** Existe un risco meteorolóxico importante (fenómenos meteorolóxicos non habituais e con certo grao de perigo para as actividades usuais).


Recomendación: ESTEA PREPARADO. Tome precaucións e mantéñase informado da predición meteorolóxica máis actualizada. As actividades habituais e ao aire libre poden verse alteradas.

- **Vermello:** O risco meteorolóxico é extremo (fenómenos meteorolóxicos non habituais, de intensidade excepcional e cun nivel de risco para a poboación moi alto).

Recomendación: Tome medidas preventivas e ACTÚE segundo as indicacións das autoridades. Mantéñase informado da predición meteorolóxica máis actualizada. As actividades habituais poden verse gravemente alteradas. Non viaxe salvo que sexa estritamente necesario.

FLUXOGRAMA DAS CANLES DE INFORMACIÓN



 nas alertas recibidas o venres pola tarde ou en fin de semana a comunicación realizarase vía WhatsApp

DECISIONS DEPORTIVAS NO AMBITO DA SXP

1) ALERTA VERMELLA:

- Suspensión actividade Xogade (incluíndo actividade 6-16) e actividade propia (CGTD, Monterrei)
- Recomendación suspensión actividade FFDD
- Traslado da alerta á actividade concesionada e obras

2) ALERTA LARANXA:

- Valorar a suspensión da actividade Xogade (incluíndo actividade 6-16) e actividade propia (CGTD, Monterrei) ao aire libre, en función dos posibles riscos na práctica de cada actividade.
- Recomendación da valoración da suspensión actividade ao aire libre FFDD, en función dos posibles riscos na práctica de cada actividade.
- Traslado da alerta á actividade concesionada e obras ao aire libre.
- Recomendación de adoptar precaucións e manterse informado da predición meteorolóxica máis actualizada con carácter xeral.

3) ALERTA AMARELA:

- Recomendación de adoptar precaucións e manterse informado da predición meteorolóxica máis actualizada con carácter xeral.